

ESTE MES PRESENTÁMOSVOS UN FESTIVAL DE CINE MOI GALEGO

O festival de Cans naceu en 2004 por iniciativa dos membros da Asociación Cultural Arela, quen quixo crear un espazo alternativo e divertido onde se desen cita anualmente os mellores creadores de curtos do panorama galego. Desde a primeira edición o festival contou cun importante recoñecemento por parte da prensa e coa asistencia e participación de personaxes destacados do mundo do cinema. Con cada edición o seu éxito e relevancia foron en aumento.

Céntrase sobre todo nas curtametraxes, aínda que desde a cuarta edición conta tamén cunha sección de videoclips, proxección de longametraxes e documentais. Ademais prográmanse outras actividades paralelas como concertos, festas temáticas...

Unha das singularidades máis características do festival son os espazos onde teñen lugar as proxeccións: locais que durante o resto do ano cumpren outras funcións como adegas, cortellos, baixos... e que son propiedade dos veciños. Desta forma conseguen un dos obxectivos do festival, que é achegar a curtametraxe a un público que normalmente non ten acceso a estas formas de creación.

O «agroglamour», termo acuñado xa desde a primeira edición, resume o espírito do Festival de Cans e poderíase considerar a antítese do glamour de festivais como o de Cannes.

